



Tribunal proceso selectivo para a provisión en propiedade, polo sistema de oposición libre, de nove prazas de bombeiro-condutor do Servizo Municipal de Extinción de Incendios do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ás ofertas de emprego dos anos 2018, 2019 e 2020 (BOP 18/09/2020)

## ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR

**Resolución do 20 de outubro, pola que se procede a dar publicidade do resultado do recoñecemento médico previsto na base A.2 das bases específicas reguladoras deste proceso selectivo, e á citación dos aspirantes para o desenvolvemento do sexto exercicio.**

Este Tribunal de selección, reunido en sesión do 19 de outubro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

**1.- Resultado do recoñecemento médico previsto na base A.2 das bases específicas reguladoras deste proceso selectivo:** Esta proba, desenvólta os días 7 e 8 de outubro, tiña carácter eliminatorio, polo que o seu resultado indícase en termos de “apto” ou “non apto”. Os aspirantes figuran ordenados por orde de prelación en base ás puntuacións acadadas ata a cualificación do quinto exercicio.

| Apelidos e nome             | Apto/ Non apto |
|-----------------------------|----------------|
| MORÍN JIMÉNEZ, ANTONIO      | Apto           |
| MAYO GIRAUT, BRAIS          | Apto           |
| CORBACHO MAURICIO, JORGE    | Apto           |
| PAZ SOBREIRA, DIEGO         | Apto           |
| GONZÁLEZ NOYA, CLODIO       | Apto           |
| RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, ELIAS  | Apto           |
| SEOANE COUTO, ROBERTO       | Apto           |
| VILLAVERDE PARADA, YAGO     | Apto           |
| ROCA GONZÁLEZ, ADRIÁN       | Apto           |
| LISTE RE CAREY, JOSE DANIEL | Apto           |
| TAIBO CASTRO, MARIO         | Apto           |
| PRIETO RIVAS, JAVIER        | Apto           |

En consecuencia, superado o recoñecemento médico por todos os aspirantes, este Tribunal acorda a súa citación para o desenvolvemento do sexto e último exercicio desta fase de oposición, nos termos que se indican a continuación.

### **2.- Desenvolvemento do 6º exercicio:**

Para o plantexamento e corrección deste exercicio, o Tribunal estará asistido por un equipo psicolóxico, formado por licenciados en psicoloxía ou titulación equivalente, e con



Tribunal proceso selectivo para a provisión en propiedade, polo sistema de oposición libre, de nove prazas de bombeiro-condutor do Servizo Municipal de Extinción de Incendios do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ás ofertas de emprego dos anos 2018, 2019 e 2020 (BOP 18/09/2020)

experiencia na realización deste tipo de probas para o acceso á función pública, constando das seguintes probas:

**Proba 1 de Aptitude Psicotécnica:**

Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de 3 horas, un test de personalidade dirixido á valoración da capacidade de razoamento e planificación do/a aspirante, así como dos aspectos da personalidade e actitudes máis adecuadas ás funcións que vaia desenvolver.

Levarase a cabo mediante test normalizado e a valoración dos aspirantes realizarase por comparación cos baremos e perfís do devandito test.

O contido concreto dos baremos e perfís para a comparación será o que figura no anexo VII das bases específicas reguladoras deste proceso selectivo. A valoración será de apto/non apto.

**Para o desenvolvemento desta proba, convócase aos aspirantes indicados no punto anterior no Edificio CERSIA, na rúa do Alcalde Raimundo López Pol, s/n, en Santiago de Compostela, o día 25 de outubro, ás 17:00 horas, en chamamento único.**

Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, bolígrafo azul e mascarilla.

**Proba 2 entrevista:**

A entrevista persoal ten por obxecto verificar que o aspirante reúne as condicións necesarias para o normal desempeño do posto de traballo convocado que non poidan ter sido avaliadas mediante as probas anteriores. Na entrevista realizarase unha análise global da estrutura da personalidade, debéndose axustar ao perfil establecido polo Tribunal e valorado na primeira proba de Aptitude Psicotécnica deste exercicio.

A cualificación deste exercicio será de «apto» ou «non apto», debendo conseguir a de apto para poder continuar no proceso.

O desenvolvemento desta proba será de carácter individual, e será realizada no **Edificio CERSIA o día 8 de novembro, a partires das 15:30 horas. A citación para a realización desta proba efectuarase a través de anuncio, que publicarse na web do concello con posterioridade ao desenvolvemento da proba anterior, e condicionado aos resultados daquela.**

Santiago de Compostela, a 20 de outubro de 2021

O Presidente do tribunal

Modesto Rouco Vilar

**Concello  
de Santiago de Compostela**  
Tribunal prazas bombeiro.  
Condutor  
Resolución conv. 03/09/2020